

REGULAMENTO DO SERVIZO AXUDA NO FOGAR DO CONCELLO DE MONFERO

ÍNDICE.

CAPÍTULO I - DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º- Obxecto

Artigo 2º- Ámbito de actuación

Artigo 3º- Definición do servizo de axuda no fogar

Artigo 4º- Obxectivos do servizo de axuda no fogar

Artigo 5º- Principios xerais

Artigo 6º- Uso simultáneo de servizos e prestacións

CAPÍTULO II - O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 7º- Características do servizo de axuda no fogar

Artigo 8º- Actuacións incluídas

Artigo 9º- Actuacións excluídas

CAPÍTULO III - FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN E PERSOAS DESTINATARIAS

Artigo 10º- Formas de prestación do servizo de axuda no fogar

Artigo 11º- Profesionais que interveñen no servizo

Artigo 12º- Persoas destinatarias

CAPÍTULO IV - DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA ENTIDADE PRESTADORA

Artigo 13º- Dereitos das persoas destinatarias

Artigo 14º- Obrigas das persoas destinatarias

Artigo 15º- Dereitos da entidade prestadora

Artigo 16º- Obrigas da entidade prestadora

CAPÍTULO V - PROCEDIMENTO DE ACCESO

Artigo 17º- Requisitos xerais para acceder ao servizo

Artigo 18º- Tramitación das solicitudes

Artigo 19º- Sobre o trámite de urxencia

Artigo 20º- Seguimento do servizo

CAPÍTULO VI - SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 21º- Causas de suspensión temporal do servizo de axuda no fogar

Artigo 22º- Causas de extinción e modificación do servizo de axuda no fogar

CAPÍTULO VII - PREZO POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO

Artigo 23º- Prezo do servizo

Artigo 24º- Determinación da capacidade económica das persoas destinatarias do servizo

Artigo 25º- Participación das persoas destinatarias no financiamento do servizo

Artigo 26º- Forma de pagamento

CAPÍTULO VIII - PROTOCOLO DE ACTUACIÓN NO CASO DE QUEIXA NO LIBRO DE RECLAMACIÓN

Artigo 27º- Procedemento de reclamacións

DISPOSICIÓN ADICIONAIS

DISPOSICIÓN DERROGATORIA

DISPOSICIÓN FINAL

CAPÍTULO I.- DISPOSICIÓN XERAIS

Artigo 1º- OBXECTO.

O presente regulamento ten como obxecto a adaptación do Servizo municipal de Axuda no Fogar ás novas necesidades e organización do Concello de Monfero, respectando o establecido na Lei 7/1985 do 2 de abril, reguladora das bases do Réxime Local, Lei 13/2008 do 3 de decembro de Servizos Sociais, no Decreto 240/1995 do 28 de xullo que regula os Servizos Sociais de Atención Primaria, a Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o Servizo de Axuda no Fogar e a Lei 39/2006 do 14 de decembro de Promoción de Autonomía Persoal e Atención ás Persoas en Situación de Dependencia, e a demais lexislación aplicable.

Artigo 2º- ÁMBITO DE ACTUACIÓN.

O Servizo de Axuda no Fogar (en adiante SAF), desenvolverase no termo municipal de Monfero, dentro do ámbito das competencias municipais en materia de servizos sociais.

Artigo 3º- DEFINICIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O SAF ten por obxecto prestar un conxunto de atencións ás persoas no seu domicilio, desde unha perspectiva integral e normalizadora, naquelas situacións nas que teñan limitada a súa autonomía persoal ou nos casos de desestruturación familiar, facilitando a permanencia no seu propio contorno de convivencia, favorecendo a súa calidade de vida e evitando ou retardando a súa posible institucionalización. O SAF poderá incluír intervencións de carácter persoal, doméstico, socio-educativo e preventivo, que deberán ser conformes coa valoración técnica realizada polos servizos sociais.

Os coidados e atencións que se prestarán no fogar das persoas e unidades de convivencia serán realizados por persoal cualificado e con supervisión técnica directa por parte dos servizos sociais municipais.

Artigo 4º- OBXECTIVOS DO SAF.

- Mellorar a calidade de vida das persoas usuarias.
- Posibilitar a permanencia das persoas no seu contorno de convivencia habitual.
- Favorecer e potenciar a autonomía persoal no propio domicilio.
- Manter, mellorar e recuperar as redes de relación familiar e social.
- Previr situacións de dependencia ou exclusión social.
- Retardar ou evitar a institucionalización.

Artigo 5º- PRINCIPIOS XERAIS.

- Principio de normalización e integración: O servizo prestarase no ámbito doméstico, familiar, social e cultural das persoas usuarias, utilizando na medida do posible, os recursos normalizados existentes.

- Principio de autonomía: Deberase fomentar ao máximo posible a autonomía da persoa usuaria.
- Principio de participación: Deberase fomentar a participación da persoa na elaboración do plan de atención.
- Principio de globalidade: A atención que se preste deberase integrar, ofrecendo unha axuda de carácter polivalente para a cobertura dunha ampla gama de necesidades das persoas usuarias.
- Principio de profesionalización: Tanto os responsables do servizo coma o persoal de atención directa deberán ter as competencias profesionais correspondentes
- Principio de individualización: Todas as persoas beneficiarias deste servizo, previa valoración e diagnóstico da súa situación poderán dispoñer dun plan de atención individualizado adaptado as súas necesidades.
- Principio de prevención: A prestación do servizo deberá ter en conta o aspecto preventivo para evitar o deterioro da persoa usuaria e a conseqüente institucionalización.
- Principio de inclusión: A prestación do servizo poderá prever accións para a inclusión individual e familiar no medio comunitario.

Artigo 6º- USO SIMULTÁNEO DE SERVIZOS E PRESTACIÓNS

O SAF será compatible cos servizos de prevención da dependencia, promoción da autonomía e apoio ás persoas cuidadoras, co servizo de teleasistencia, co servizo de centro de día e de noite ou, se é o caso, coa prestación económica vinculada á prestación de cada un destes últimos servizos e coa prestación económica de asistencia persoal e nos termos establecidos no presente regulamento.

O SAF será compatible con certas prestacións que se establecen no Decreto 15/2010 do 4 de febreiro polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia.

Nos supostos nos que se compatibilice o SAF con outros servizos ou prestacións, a súa intensidade estará determinada no Plan Individual de Atención do usuario. O SAF é incompatible co servizo de atención residencial ou prestación vinculada a este servizo.

CAPÍTULO II- O SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR

Artigo 7º- CARACTERÍSTICAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O SAF prestarase no domicilio particular da persoa beneficiaria dentro do termo municipal de Monfero.

1. A intensidade do servizo determinarase, con carácter xeral, en horas mensuais de atención, distribuídas en función das necesidades da persoa usuaria e do informe técnico expresado no artigo 18º.4 deste regulamento.

2. A intensidade do SAF para as persoas atendidas no marco do sistema de autonomía persoal e atención á dependencia estará predeterminada no seu programa individualizado de atención. A súa aplicación horaria será flexible e conforme ao proxecto de intervención, de maneira que, cando menos, se garanta a cobertura das

necesidades de atención de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, todos os días da semana.

- Nos restantes casos, a intensidade do servizo virá determinada na prescrición efectuada polos correspondentes servizos sociais municipais .

Artigo 8º- ACTUACIONES INCLUIDAS.

1. De conformidade coa valoración técnica realizada polos servizos sociais no marco do SAF poderán prestarse os seguintes tipos de atención de carácter básico:

a) Atencións de carácter persoal na realización das actividades básicas da vida diaria, tales como:

- Asistencia para levantarse e deitarse.

- Apoio no coidado e hixiene persoal, así como para vestirse.

- Control do réxime alimentario e axuda, se é o caso, para alimentarse.

- Supervisión cando proceda das rutinas de administración de medicamentos prescritas por facultativos.

- Apoio para cambios posturais, mobilizacións, orientación espazo-temporal.

- Apoio a persoas afectadas por problemas de incontinencia.

b) Atencións de carácter persoal na realización doutras actividades da vida diaria tales como:

- Acompañamentos fóra do fogar, xestións necesarias ou urxentes.

c) Atención das necesidades de carácter doméstico e da vivenda tales como:

- Limpeza e mantemento da hixiene e salubridade da vivenda.

- Compra de alimentos e outros produtos de uso común.

- Preparación dos alimentos.

- Lavado e coidado das prendas de vestir.

- Coidados básicos da vivenda.

d) Atencións de carácter psicosocial e educativo, intervencións técnico-profesionais formativas e de apoio ao desenvolvemento das capacidades persoais, á afectividade, á convivencia e á integración na comunidade así como á mellora da estruturación familiar.

2.- Poderán integrarse, ademais, dentro do servizo de axuda no fogar, determinadas atencións e actividades que se desenvolvan fóra do marco do domicilio da persoa usuaria, sempre que, de acordo coa prescrición técnica sobre o contido do servizo, incidan de maneira significativa na posibilidade de permanencia no fogar e na mellora da autonomía e da calidade de vida.

3.- En todo caso as atencións prestadas terán un carácter de reforzo e non substitutivo das propias capacidades da persoa usuaria ou doutras persoas do seu contorno inmediato, de maneira que se facilite e promova a súa autonomía.

Artigo 9º- ACTUACIÓNS EXCLUÍDAS.

- A realización de actividades domésticas que non fosen incluídas no proxecto de intervención e no acordo de servizo recollidos no artigo 18 deste regulamento.
- Actuacións que, polo seu carácter sanitario, deban en todo caso ser realizadas por persoal facultativo.

CAPITULO III- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO, PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN E PERSOAS BENEFICIARIAS

Artigo 10º- FORMAS DE PRESTACIÓN DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR.

O Concello de Monfero, as entidades privadas debidamente autorizadas ou, de ser o caso, acreditadas mediante as diversas modalidades de contratación da xestión de servizos públicos regulados na normativa vixente sobre contratos do sector público, prestarán o Servizo de Axuda no Fogar.

Artigo 11º- PROFESIONAIS QUE INTERVEÑEN NO SERVIZO.

1- Traballador/a social.

É o profesional que recibe a demanda, fai o estudo e valoración da situación presentada, diseña o proxecto de intervención adecuado a ela e será responsable do seguimento e avaliación.

As súas funcións e tarefas concretas son:

- Programación, planificación e avaliación xeral do servizo, no marco da programación xeral dos Servizos Sociais Municipais.
- Difusión e información sobre o servizo.
- Detección, estudo e diagnóstico dos casos.
- Formular a proposta de concesión ou denegación do SAF ao órgano competente.
- Definir os obxectivos da intervención, elaborar o plan de cuidados e asignar os profesionais necesarios.
- Dar a coñecer o servizo ao usuario e acordar o compromiso das partes.
- Información, asignación e supervisión de tarefas das auxiliares de Axuda no Fogar.
- Seguimento e avaliación dos casos atendidos.

- Estimular e favorecer a responsabilidade da familia.
- Formular propostas de ampliación, redución ou suspensión do servizo se fose necesario.
- Apoio e promoción da formación-reciclaxe do persoal relacionado co servizo.
- Mobilizar recursos alternativos e complementarios.
- Coordinación con outros servizos existentes na zona.

2. Auxiliar de axuda no fogar.

É o profesional que realiza tarefas de carácter asistencial e educativo en contacto directo co usuario do servizo, a súa familia e o seu contorno.

As súas funcións son:

A. Asistenciais, de atención persoal e doméstica.

B. De orientación en actividades da vida cotiá, favorecendo unha normalización no funcionamento do fogar.

C. Educativas, potenciando o individualismo do usuario, sen substituílo en aquelas tarefas que poida realizar por si mesmo e facilitándolle as canles de comunicación co seu contorno.

D. De colaboración co traballador social na coordinación e avaliación do servizo.

As tarefas que se realizarán son as relacionadas no artigo 8º do presente regulamento.

2.1 Procedemento que se seguirá en caso de cambio de auxiliar.

Os supostos que motivarán o cambio de auxiliar de axuda no fogar serán:

a) Circunstancias fundamentadas na mellora da calidade do servizo: Itinerarios de desprazamentos, tipo de prestación, tarefas, duración do servizo.

b) Petición do beneficiario do SAF en que se solicite o cambio de persoal auxiliar que presta o dito servizo, xustificándoo convenientemente.

c) Disfrute de períodos vacacionais do persoal auxiliar, períodos de IT e extinción da relación contractual coa entidade prestadora. O procedemento que se seguirá no caso de cambio de auxiliar é o seguinte:

Nos supostos a) e b) previstos no apartado anterior, emitirase un informe do traballador/a social no que se valoren as circunstancias que motivan o cambio.

Todos os supostos someteranse á resolución do órgano competente e posterior notificación ao usuario e ao persoal auxiliar. En caso de cambios urxentes ou nos casos en que non haxa tempo de emitir unha notificación escrita, poderase comunicar telefonicamente.

Artigo 12º- PERSOAS DESTINATARIAS.

1.- O SAF estará aberto a todas as persoas ou unidades de convivencia para as que, de acordo coa valoración técnica correspondente, supoña un recurso idóneo de atención. De xeito particular atenderá a persoas maiores con déficits de autonomía e persoas con discapacidade, especialmente cando carezan de apoio persoal no seu contorno inmediato, así como fogares con menores en que se observe unha necesidade de intervención de carácter socioeducativo. Tamén poderá dar unha resposta preventiva e socializadora a diversas situacións de familias en risco de exclusión social.

2.- En todo caso, daráselles prioridade no acceso ao servizo ás persoas que teñan un dereito recoñecido de atención dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia.

En xeral, cando exista unha situación de desatención social ou familiar avaliada tecnicamente, que xustifique a prestación do servizo.

CAPÍTULO IV- DEREITOS E OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS E DA ENTIDADE PRESTADORA

Artigo 13º- DEREITOS DAS PERSOAS DESTINATARIAS.

As persoas usuarias do servizo, no marco dos dereitos que con carácter xeral se lle recoñecen na lexislación aplicable sobre servizos sociais e, se é o caso, sobre o procedemento administrativo común, terán dereito:

1. A seren tratados co respecto debido á súa dignidade.
2. A recibiren unha atención adaptada ás súas necesidades, coa calidade e duración prescritas en cada caso.
3. A coñeceren a organización e o Regulamento do servizo.
4. A coñeceren a situación do seu expediente.
5. Ao respecto á súa intimidade e á absoluta confidencialidade dos seus datos, de acordo co disposto na Lei orgánica 15/1999 do 13 de decembro, de protección de datos de carácter persoal, así como de cantos aspectos da súa vida persoal, familiar, económica ou social poidan ser coñecidos como consecuencia da tramitación ou prestación do servizo.
6. A recibiren información precisa e clara sobre as posibles modificacións sobrevidas durante a prestación efectiva do servizo.
7. A presentaren queixas e suxestións ao persoal coordinador do servizo cando expresaren reclamacións ou fixeren suxestións sobre a súa prestación efectiva.

Artigo 14º- OBRIGAS DAS PERSOAS DESTINATARIAS:

As persoas usuarias, no marco dos deberes que con carácter xeral se recollen no artigo 7 da Lei 13/2008 do 3 de decembro, de Servizos Sociais de Galicia, terán os seguintes deberes:

- Cumprir coas condicións do servizo, facilitándolle a execución das tarefas do persoal a cargo e poñendo á súa disposición, se é o caso, os materiais necesarios.

- Colaborar, na medida das súas posibilidades, no desenvolvemento do servizo en función das súas capacidades e nos termos acordados en cada caso.
- A facilitar e colaborar no seguimento e avaliación do servizo.
- Respectar a dignidade persoal e profesional das persoas que presten o servizo, así como respectar os límites das súas obrigas laborais.
- Informar dos cambios de calquera circunstancia que impliquen unha modificación na súa capacidade económica, así como de circunstancias relevantes de carácter persoal ou familiar que puidesen dar lugar á modificación, suspensión ou extinción na prestación do servizo.
- Participar no pagamento do servizo nos termos que se establezan na ordenanza municipal reguladora do prezo pola prestación do servizo.
- Comunicar, en circunstancias ordinarias e previsibles, con 10 días de antelación, calquera ausencia temporal do domicilio que puidese impedir a prestación do servizo.

Artigo 15º. DEREITOS DA ENTIDADE PRESTADORA.

- Acceso á vivenda onde se desenvolva o SAF polos profesionais que interveñen no servizo, co obxecto da avaliación, prestación e seguimento deste.
- Requirir a documentación e información necesaria para o desenvolvemento do servizo.
- Realizar as actuacións de comprobación necesarias para o correcto desenvolvemento do servizo.
- Percibir o pagamento que lle corresponde ao usuario pola prestación do servizo.

Artigo 16º- OBRIGAS DA ENTIDADE PRESTADORA.

- Prestar o servizo de conformidade co Regulamento Municipal.
- Respectar o prezo do servizo estipulado na ordenanza municipal.
- Tratar os datos persoais dos usuarios de conformidade coa Lei 15/1999, de 13 de decembro, de Protección de Datos de Carácter Persoal.
- Someterse ás inspeccións e ao réxime sancionador vixente en materia de servizos sociais.
- Dispoñer dun expediente individualizado de cada usuario, cos seus datos sociais e sanitarios.
- Ter a disposición dos usuarios un libro de reclamacións.
- Estar debidamente autorizada de conformidade co establecido no Decreto 143/2007 do 12 de xullo, polo que se regula o réxime de autorización e acreditación dos programas e centros de servizos sociais.

CAPÍTULO V- PROCEDEMENTO DE ACCESO

Artigo 17º- REQUISITOS XERAIS PARA ACCEDER AO SERVIZO.

O acceso ao servizo producirase a través dos servizos sociais municipais, de acordo coas seguintes modalidades:

17.1. O acceso será directo para persoas que, tendo recoñecida a situación de dependencia, se lles asigne a axuda no fogar na correspondente resolución do Programa Individual de Atención, ao abeiro ao establecido no Decreto 15/2010, do 4 de febreiro, polo que se regula o procedemento para o recoñecemento da situación de dependencia e do dereito ás prestacións do sistema para a autonomía e atención á dependencia, o procedemento para a elaboración do programa individual de atención e a organización e funcionamento dos órganos técnicos competentes, así como na Orde do 17 de decembro de 2007, pola que se establecen os criterios para a elaboración do Programa Individual de Atención, fixación das intensidades de protección de servizos, réxime de incompatibilidades das prestacións e xestión das prestacións económicas.

17.2. Para as persoas que non teñan o recoñecemento da situación de dependencia ou non lles asista o dereito de acceso efectivo ao catálogo de servizos de atención á dependencia segundo o calendario de implantación do sistema que se establece na Lei 39/2006, o acceso ao servizo logo de prescrición técnica favorable dos servizos sociais municipais resolverase en réxime de libre concorrencia de acordo cos criterios establecidos neste Regulamento municipal.

17.3 De igual maneira á expresada no punto anterior procederase nas situacións nas que a problemática principal estea relacionada con aspectos convivenciais e socioeducativos.

17.4 Nos supostos recollidos nos números 2 e 3 deste artigo empregarase o baremo recollido neste regulamento.

Os requisitos xerais para ser beneficiario do SAF, polo réxime de libre concorrencia, son os seguintes:

- Estar empadroadado no municipio.
- Solicitar a prestación do servizo.
- Manifestar a necesidade de dito servizo.

Artigo 18º- TRAMITACIÓN DAS SOLICITUDES.

18.1 No acceso directo ao servizo para as persoas usuarias con dependencia valorada, a resolución relativa ao programa individualizado de atención, terá a consideración de resolución de asignación e incorporación ao servizo.

Neste suposto só terán que presentar a documentación necesaria e que non estea en poder dos servizos sociais municipais.

18.2 No acceso polo réxime de libre concorrencia o procedemento iniciarase por instancia de parte, de conformidade cos principios xerais recollidos na Lei 30/1992 de 26 de novembro de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do procedemento administrativo común.

Cando circunstancias debidamente acreditadas no expediente así o xustifiquen, o procedemento de acceso ao servizo poderá iniciarse de oficio.

Os solicitantes poderán dirixirse aos servizos sociais municipais, onde se lles facilitará o modelo de solicitude normalizada (anexo I), que xunto coa documentación esixida se presentará no Rexistro Xeral do Concello, asinada polo/a solicitante do servizo ou pola persoa que o represente.

Así mesmo, o traballador social proporcionará información personalizada, gratuíta e confidencial relacionada coa demanda do servizo e as súas condicións e, no caso de necesidade, ofrecerá apoio para que tanto a solicitude como a documentación que se presente se realice de forma adecuada.

18.3 Documentación que se deberá achegar coa solicitude:

. Fotocopia do DNI do solicitante ou calquera outro documento oficial acreditativo da súa identificación.

. Fotocopia da tarxeta sanitaria.

. Certificado de empadramento e de convivencia.

. Informe do médico de atención primaria (anexo II) (No caso de altas post-hospitalarias no servizo, será válido o informe de alta hospitalaria cando non transcorran 15 días entre a data do informe e a data da solicitude da alta no servizo)

. Certificado de minusvalía, se é o caso, da persoa solicitante e membros da unidade familiar

. Xustificantes do gasto ocasionado polo aluguer de vivenda habitual.

. Resolución da valoración de grao e nivel de dependencia emitida pola Unidade de Valoración da Dependencia e do Plan Individual de Atención, se é o caso.

. Xustificantes acreditativos dos ingresos económicos das persoas que sexan computables de acordo co artigo 17 da Orde do 22 de xaneiro de 2009 pola que se regula o servizo de axuda no fogar (DOG nº 22, do 02/02/2009).

. Certificado de todos os ingresos procedentes de pensións.

. Fotocopia da última declaración da renda, ou no seu defecto, certificado de facenda de non estar obrigado a declarar.

. Declaración de imposto sobre o patrimonio ou certificado de economía e facenda de non estar obrigado a declarar.

. Con carácter excepcional e naqueles casos nos que o solicitante non poida dispoñer da documentación acreditativa anteriormente mencionada, achegarase unha declaración xurada na que se faga constar a carencia absoluta de rendas familiares ou confías destas, así como de bens patrimoniais.

Respecto das solicitudes con documentación incompleta formuladas por persoas que cumpran con todos os requisitos para solicitar o servizo, os interesados serán requiridos para que no prazo de 10 días subsanen tales deficiencias, con apercibimento de que se non o fixesen, o expediente será arquivado sen máis trámite. Só en casos extraordinarios que requiran unha intervención urxente, especificamente valorados como tales no informe social realizado polos servizos sociais, poderá tramitarse e resolverse unha solicitude na que falte algún dos documentos a emitir polas

administracións públicas, co compromiso expreso de entregalo no prazo máis breve posible.

18.4. Dende os servizos sociais municipais, o traballador social trala visita efectuada ao domicilio do solicitante do servizo, elaborará un informe social (anexo IV), co carácter de dictame técnico, no que se considerarán todas as circunstancias de necesidade ás que se refire o presente Regulamento, así como a aplicación do baremo contido neste (anexo III) e a elaboración do proxecto de intervención (anexo V).

18.5. O informe social que os servizos sociais municipais emitirán, en relación con cada unha das solicitudes, deberá conter:

- Valoración da situación persoal, socio-económica e familiar.
- Puntuación obtida tras a aplicación do baremo.
- Proposta de resolución, que no caso de ser favorable á demanda, deberá incluír o plan de coidados e a achega económica do usuario.

18.6. A Alcaldía ou concelleiro delegado, á vista das solicitudes e da valoración técnica emitida, resolverá cada unha delas. A resolución deberá producirse no prazo máximo de dous meses dende a data de entrada da solicitude no Rexistro Municipal. Este prazo suspenderase cando se requira a subsanación das solicitudes polo tempo que medie entre a notificación e o seu cumprimento ou, no seu defecto, o transcurso do prazo concedido, e no resto dos supostos previstos no artigo 42 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, que resulten de aplicación.

Transcorrido o prazo previsto no apartado anterior sen que se adoptase ningunha resolución expresa e sen prexuízo da obriga de resolver, poderase entender desestimada a solicitude para permitirlle ao interesado a interposición do recurso potestativo de reposición ou contencioso administrativo.

En caso de resolución positiva, esta terá a consideración de orde de alta no servizo, será necesaria a sinatura de acordo de servizo (anexo VI) entre o usuario e a entidade prestadora. Se non existise dispoñibilidade, a solicitude pasará a integrar a lista de espera nunha orde de prioridade que virá determinada pola puntuación que obtivera na aplicación do baremo elaborado para a concesión do servizo.

A resolución da Alcaldía incluírá, no caso de ser favorable, unha indicación expresa do número de horas que se van prestar, relación de tarefas que se levarán a cabo e a porcentaxe do custo que deberá pagar o solicitante. Se se trata dunha resolución desfavorable, a resolución deberá indicar expresamente as circunstancias ou incumprimentos que a determinan.

En todo caso, a resolución da Alcaldía seralle comunicada ao usuario, segundo o establecido na Lei 30/1992 de 26 de novembro.

Artigo 19º- SOBRE O TRÁMITE DE URXENCIA.

O alcalde ou un membro da corporación responsable en materia de servizos sociais, mediante unha resolución motivada, poderán iniciar de oficio a prestación do servizo

de maneira inmediata, por proposta dos servizos sociais municipais e sen prexuízo da posterior instrución do correspondente expediente.

A súa xustificación estará motivada por:

- Presentarse a necesidade de forma imprevista.
- Situacións de alto risco.
- Enfermidade grave (se o beneficiario non ten familiares).
- O falecemento do cónxuxe ou doutra persoa que se estea facendo cargo do beneficiario.
- Outras causas semellantes.

O procedemento de urxencia terá validez só mentres se manteña a situación desencadeante. A desaparición desta levará consigo a extinción do SAF e, se é o caso, pasará á lista de espera.

Artigo 20º- SEGUIMIENTO DO SERVIZO.

O traballador social garantirá unha supervisión do servizo efectivamente prestado, que será realizada sempre que as circunstancias a fagan necesaria e, como mínimo, cunha periodicidade de dous meses. Da supervisión realizada quedará constancia no correspondente expediente individual. Mediante esta supervisión revisarase e axustarase, se fose o caso, ao contido das prestacións expresado no proxecto de intervención e no acordo do servizo.

CAPÍTULO VI- SUSPENSIÓN E EXTINCIÓN DO SERVIZO

Artigo 21º- CAUSAS DE SUSPENSIÓN TEMPORAL DO SAF.

Son causa de suspensión temporal do servizo, previo informe razoado do persoal técnico coordinador do servizo, que deberá incorporarse ao expediente persoal, as que seguen:

- A ausencia xustificada da persoa titular no domicilio habitual por un período inferior a tres meses.
- Modificación temporal das causas que motivaron a necesidade do servizo: Poderá suspenderse o servizo en tanto persista o cambio de circunstancias causantes da suspensión, coa excepción das prazas vinculadas a un dereito exercido dentro do sistema de autonomía e atención á dependencia, suposto no que se estará ao disposto na normativa reguladora.

Artigo 22º- CAUSAS DE EXTINCIÓN E MODIFICACIÓN DO SAF.

1.- Son causas de extinción do SAF as seguintes:

- O cambio do Programa Individual de Atención ou do Proxecto de Intervención que implique o cambio de asignación de recurso e a súa incompatibilidade co SAF
- O falecemento da persoa usuaria.

- O traslado definitivo da súa residencia fóra do termo municipal.
- A renuncia da persoa usuaria.
- O incumprimento reiterado dos deberes e das obrigas establecidas para as persoas usuarias na prestación do servizo.
- O ingreso con carácter definitivo nun centro residencial.
- A falta do pagamento de dúas mensualidades do servizo.
- A desaparición das causas que deron orixe á concesión do servizo.

2.- Ademais, con carácter xeral, a alteración das circunstancias tidas en conta para a concesión do servizo poderá dar lugar á modificación das condicións de prestación nas que fora concedido inicialmente. Os cambios de circunstancias, en calquera caso, deberán substanciarse no expediente individual mediante un novo informe social.

